

Los correspondientes expedientes obran en la Unidad de Sanciones de la Subdelegación del Gobierno ante la cual le asiste el derecho de alegar por escrito lo que en su defensa estimen conveniente, con aportación o proposición de las pruebas que consideren oportunas, dentro del plazo de 15 días hábiles, contados desde el siguiente al de la publicación del presente en el Boletín Oficial de la Provincia.

Transcurrido dicho plazo sin que se haya hecho uso del derecho para formular alegaciones y/o aportar o proponer pruebas, de dictarán las oportunas resoluciones.

EXPTE.	FECHA IMPOSICIÓN	NIF	NOMBRE Y APELLIDOS	DOMICILIO	MOTIVO
2852/12	13.11.12	X5934669W	FERNANDO AMERICO DA CONCEIÇÃO / TAVARES RIVEIRO CARDOSO	AVDA. DE GALICIA, 160 4º IZ 36207 VIGO	SUSPENSIÓN

Pontevedra, a 03 de diciembre de 2012. — El Secretario General, José Félix López Araújo. **2012012106**

MINISTERIO DE FOMENTO  
**PUERTOS DEL ESTADO**

*AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA Y SU RÍA*

**A N U N C I O**

Como anexo al anuncio publicado en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra nº 238 de fecha 12 de diciembre de 2012 de la Autoridad Portuaria de Vilagarcía en relación a la concesión titularidad de Desarrollo y Consultoría S.A., se incluye el siguiente texto:

Al objeto de dar cumplimiento con lo expuesto, les solicitamos que procedan al pago de la deuda descrita, así como a presentar la documentación relacionada en el plazo máximo de un (1) mes contado a partir de la fecha de la presente publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra.

De no cumplirse con lo dispuesto, se procederá a incoar expediente de caducidad, de acuerdo con el Art. 98 del Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de septiembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante y la cláusula 14.8 del Pliego de cláusulas de explotación de la concesión.

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

Vilagarcía de Arousa 7 de enero de 2013. — La Presidenta, Sagrario Franco Malvar.

**2013000278**

XUNTA DE GALICIA  
**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

**Servizo de Relacións Laborais**

**CONVENIOS COLECTIVOS**

**LAUDO ARBITRAL OH VIGO, S.L.**

*Código de Convenio número 36100011032012*

Visto o texto do laudo arbitral sobre o conflito plantexado na empresa OH VIGO, SL, sobre acordo na determinación de convenio colectivo e cláusulas salariais, sobre Incapacidade Temporal, nocturnidade, días de libre disposición, vixencia do convenio colectivo e réxime superador das débedas salariais contraídas cos traballadores por parte da empresa, que foi ditado o día 28.11.2012, e tivo entrada na Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, en Vigo o 4 de decembro de 2012, de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo. artigo 24.4 do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, este departamento territorial,

## A C O R D A :

*Primeiro.*— Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18.10.2010)

*Segundo.*— Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

*Terceiro.*— Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

José M<sup>a</sup> Casas de Ron, nomeado árbitro polo conflito, con folga indefinida, seguida dende o 29 de outubro de 2012, na empresa OHVIGO, S.L., en acta de compromiso arbitral de data 28 de novembro de 2012, do Acordo Galego de Solución Extraxudicial de Conflitos Colectivos de Traballo - AGA, na que son partes, pola empresa, D. Francisco Javier Valverde Rios, administrador único de OH Vigo, S.L., e os seus asesores, D<sup>o</sup> Miriam Blazquez Astorga e D. Manuel Blázquez Astorga, e por outra D. Alberto Heras Revelo e D<sup>a</sup> Ana Paula Covelas Martínez, xunto con M<sup>a</sup> do Tránsito Fernández Fernández, Secretaria Comarcal de Vigo da Federación de Servizos da CIG e D. Xusto Fernández Vilas, Secretario de negociación colectiva da citada federación da CIG, e tras reunión celebradas os días 27 e 28 de novembro dita o seguinte laudo en dereito e equidade, que contén as seguintes cláusulas, tendo en tonta á acta de acordo e mediación previa, tamén concertada ó abeiro do AGA desta mesma data, que se incorpora ao presente.

## A) ANTECEDENTES

1.— Na empresa séguese un conflito colectivo con folga indefinida dende o 29 de outubro por falta de acordo na determinación de convenio colectivo e cláusulas salariais, sobre Incapacidade Temporal, nocturnidade, días de libre disposición, vixencia do convenio colectivo e réxime superador das débedas salariais contraídas cos traballadores por parte da empresa.

2.— Débese ter en conta que con data 27 de novembro, seguiu-se un proceso de mediación, que determinou a apertura do presente procedemento arbitral. No citado acordo determinouse o fin do conflito e desconvocatoria de folga, con efectos do día 29 de novembro de 2012.

3.— O árbitro entende perfectamente garantidos os principios de igualdade, publicidade e contradición sinalados na norma reguladora do citado Acordo de Solución de Conflitos.

4.— O laudo dítase de maneira urxente polo transcendencia que ten para a plantilla da empresa o seguimento dende fai case un mes da folgo que afecta a totalidade da plantilla.

5.— O árbitro dita laudo, conforme á normativa do AGA, consonte as seguintes.

## B) CLÁUSULAS

1.— O convenio colectivo aplicable para os anos 2012, 2013 y 2014, para os traballadores da empresa OH VIGO, S.L., (cafetería do Hospital Meixoeiro de Vigo), será o publicado para a citada empresa no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra o xoves 22 de mayo de 2011, (código de convenio 36003271012001), coas seguintes especificacións:

- No artigo 4 do convenio, relativo á vixencia, esta será para os anos 2012, 2013 e 2014 e con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2012, e mantendo ata o seguinte convenio os seus efectos normativos.
- No artigo 11 establécese dentro do réxime económico e sobre os salarios en vigor na actualidade un incremento de 20 E lineais, cada un dos meses.
- No artigo 15, especificarase que a nocturnidade, devengarase conforme ó previsto no Estatuto dos Traballadores, no artigo 36.1.2.
- No artigo 17 sinálase que a Incapaciade Temporal devengarase ó 100 % a cargo da empresa a partires do terceiro día de baixa, a excepción dos supostos de accidente de traballo ou enfermidade profesional, que será complementado a partires do primeiro día.
- No artigo 29.k, os días de libre distribución serán 3.

c) Con respecto ás débedas salariais contraídas polos traballadores coa empresa, o árbitro resolve a cuestión consonte as regras seguintes:

1.—A empresa deberá saldar tódas as débedas correspondentes as mensualidades ordinarias, que á data de hoxe se corresponden co mes de outubro 2012, o día 1 de xaneiro de 2013.

2.—As pagas extraordinarias que se poidan adeudar aos traballadores a 31 de decembro de 2012, e que son a data de hoxe as dúas primeiras do ano 2012, aboaranse prorrateadas ao longo do ano 2013 e cun interés por mora do 10 %.

O presente laudo poderá ser recurrido ante a xurisdicción social nos termos establecidos no apartado 5º do artigo 24 do AGA.

Dado en Vigo a 28 de novembro de 2012.—O árbitro, José María Casas de Ron.

Vigo, a 21 de diciembre de 2012.—A xefa territorial, P.A. (D.109/12, do 22 de marzo), a Xefa do Servizo de Coordinación Administrativa, María Peón Fernández. **2013000212**

### **Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación**

#### ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE VILA DE CRUCES

*Expediente número 36/874*

De acordo coa normativa legal vixente e para o seu coñecemento xeral faise público que:

A Xunta Xestora da Asociación de Comerciantes de Vila de Cruces, o día 7 de decembro de 2012 presentou un certificado expedido pola propia xunta, no que se fai constar que o día 18 de setembro de 2012, os socios reunidos en asemblea xeral extraordinaria deciden por unanimidade a disolución da asociación (achégase acta da referida asemblea).[gservizos.org](http://gservizos.org)

Vigo, a 12 de decembro de 2012.—A Xefa Territorial, P.A. (D./109/12, do 22 de marzo), a Xefa do Servizo de Coordinación Administrativa, María Peón Fernández. **2012012174**

#### ORGANIZACIÓN ESTIBADORES PORTUARIOS DE VIGO

*Expediente número 36/938*

De conformidade co disposto no artigo 4 da Lei orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical e no Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, faise público que na Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación de Vigo foron depositados a acta de constitución e os estatutos do Sindicato denominado Organización Estibadores Portuarios de Vigo.

*Ámbito territorial:* Local (Porto de Vigo)

*Ámbito profesional:* Traballadores e traballadoras, cuxa actividade laboral consista na carga, descarga, estiba e desestiba de buques, labores comerciais ou complementarias de manipulación de mercadorías realizadas no Porto de Vigo.

*Asinan a acta de constitución:* Sergio Rodríguez Fernández e 4 promotores máis

Vigo, a 28 de decembro de 2012.—A Xefa Territorial, P.A. (D./109/12, do 22 de marzo), a Xefa do Servizo de Coordinación Administrativa, María Peón Fernández. **2013000101**